

INFORME-PROPOSTA MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DO CURSO 2020-21 NA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

No apartado 0 da convocatoria do curso 2020-21 na Escola Municipal de Artes e Oficios (Decreto do Concelleiro delegado de Educación de 02/06/2020) prevíase a posibilidade, en función das circunstanancias concorrentes nas datas de inicio do curso, de “modificar as características desta convocatoria (datas, número de prazas ofertadas, admisión de novo alumnado, modalidades presencial e online...)”

A situación actual da pandemia COVID-19 e a necesidade de adaptarse ao escenario e condicións previsibles, así como circunstancias sobrevidas en relación co profesorado, obrigan a realizar os seguintes cambios na citada convocatoria, que se serán efectivos a partir da súa publicación:

1. **Comezo de curso:** previsto para o 14 de setembro, **adíase ata o día 21 de setembro.**
2. Coa finalidade de evitar a concentración de persoas nas instalacións, de xeito xeral e excepcional para todas as especialidades **substitúese a proba de acceso ás prazas vacantes, por un sorteo**, coas seguintes características:
 - a) Terá carácter público (cun máximo de 10 asistentes, previa cita) e será presidido por unha mesa composta por:
 - Xefa do Servizo de Educación ou persoa na que delegue.
 - Xefe de estudos da EMAO, que actuará como secretario
 - Un funcionario/a adscrito/a á Unidade Administrativa da EMAO, nomeado pola Xefa de Servizo de Educación.
 - b) O sorteo celebrarase o día 14 de setembro ás 12:00 h. mediante sistema aleatorio informático. Farase un sorteo por cada unha das especialidades.
 - c) O secretario levantará acta do resultado do sorteo, que será exposta no Taboleiro e na web-EMAO.
 - d) Os listados do sorteo serán, a todos os efectos, considerados, pola orde resultante, como listas de reserva para o caso de que, ao longo do primeiro trimestre do curso, se producisen baixas no alumnado matriculado.
3. Vistas as condicións actuais das aulas-taller que se citan, coa fin de mellorar a seguridade do alumnado e profesorado, **modifícanse -exclusivamente nas especialidades que se citan de seguido-, o número de prazas vacantes de novo ingreso** ofertadas inicialmente nas mesmas, conforme ao seguinte cadro:

| Especialidade | Prazas iniciais Nivel Básico | Prazas finais Nivel Básico |
|------------------------------|---|---------------------------------------|
| Cerámica artística | 1 | 0 |
| Serigrafía artística | 9 | 5 |
| Deseño e encaixe de palillos | 5 | 3 |

As vacantes do resto das especialidades non se modifican, quedando igual cá no cadro publicado coa convocatoria inicial.

4. Como consecuencia da baixa laboral da mestra titular o comezo do curso na especialidade de Moda e Confección adíase ata novo aviso.
5. Como consecuencia da recente renuncia ao seu posto de traballo do mestre de Encadernación, adíase o inicio do curso nesta especialidade, ata novo aviso, unha vez

realizadas as probas selectivas correspondentes para cubrir a vacante docente producida.

6. Modifícanse os prazos previstos na Convocatoria inicial, quedando o calendario do seguinte xeito:

- 9 de xullo ao 4 de setembro: admisión de solicitudes de pre-inscrición para alumnado de novo ingreso e do de convalidación para acceso a cursos superiores. Só recepción por internet e correo electrónico.
- 8 de setembro: Publicación listados solicitantes novo ingreso
- 14 de setembro:
 - Celebración do sorteo, ás 12 horas
 - Listas de admitidos de novo ingreso despois do sorteo. Listado de admitidos por convalidación.
- 15-18 de setembro: Formalización da matrícula do alumnado de novo ingreso e de convalidación. A matrícula é obrigatoria: farase de xeito presencial na Administración da Escola, en horario de 9:00 a 14:00 h, aportando copia do DNI. De non formalizarse nese prazo admitirase á seguinte persoa da lista de reserva. A matriculación na EMAO implica a aceptación plena dos programas, horarios e normativa que rexen a actividade da Escola.
- 21 de setembro: inicio de curso (agás Moda e confección e Encadernación)

En consecuencia **PROPONSE** ao Concelleiro delegado de Educación, RESOLVER o seguinte:

1. Aprobar a modificación da Convocatoria inicial do curso 2020-21 na Escola Municipal de Artes e Oficios que se contén no informe.proposta do técnico responsable de Educación de Adultos de data 7 de setembro de 2020.
2. Publicar esta modificación e notificala ao alumnado matriculado e pre-inscritos no curso 2020-21 nesta Escola.

RO/

Na data da sinatura dixital

Asdo.- O técnico responsable de Educación de Adultos

DECRETO

Visto a proposta de modificación da Convocatoria do curso 2020-21 na Escola Municipal de Artes e Oficios contida no informe do Técnico responsable de Educación de Adultos de data 07/09/2020, RESOLVO de conformidade coa mesma.

Na data da sinatura dixital

Asdo.- O Concelleiro-delegado de Educación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/09/2020 12:05

Páxina 2 de 2

Documento 200160909

CSV: 28EF86-B6BD49-3345C8-LSSQDF-YRVARH-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>